



"Eu habitualmente trabalho da man do software libre, entendendo tal non como o software de custo cero, senón como aquel que che permite copialo, compartilo, modificalo e redistribuílo sen ningún tipo de restrición arbitraria. Podes ver máis detalles no artigo disponible en <http://www.questioncopyright.org/promise> no cal se mostra a sorprendente historia do Copyright, así como a promesa dun mundo post-copyright. Podes compartir este artigo con todo o mundo, é libre!".

c
x
y
ch
xy
cv
cxe
r

Menos do 10% dos proxectos de software libre chegan a ser realmente exitosos. *Creando Software Libre*, escrito polo experimentado desenvolvedor e xestor de proxectos *Karl Fogel*, cubre a maioría dos problemas que xurden nos proxectos de desenvolvemento de software libre.

Tal vez sexas un desenvolvedor cujo proxecto precisa medrar, ou pode que xa medrara ata un punto no que a súa xestión se está tornando moi complexa. Tal vez esteas tentando motivar a comunidade que se xerou arredor do mesmo, ou que esteas tentando crear unha comunidade. Pode que herdaras un proxecto e te esteas a preguntar como sacalo adiante, ou pode que formes parte dun proxecto de software propietario que queiras liberar.

En calquera caso, os plantexamentos e consellos, baseados na experiencia, contidos neste libro poden ser unha enorme axuda para que o teu proxecto sexa exitoso; ou simplemente poden servirte para achegarte ao asombroso mundo do software libre.

Esta edición en galego foi posible grazas ao traballo voluntario levado a cabo por:

Juan Álvarez
Xulio Coira
Pedro González
Jorge López
Andrés Maneiro
Lucía Martínez
José Puente
Francisco Puga
Pablo Sanxiao
Nacho Varela
Roberto Vieito

Edita:



Patrocina:



XUNTA
DE GALICIA



CREANDO SOFTWARE LIBRE

CREANDO SOFTWARE LIBRE

Como levar a cabo con éxito
un proxecto de Software Libre

KARL FOGEL

Tradución ao galego:

Asociación ghandalf



Prólogo á edición galega obra de Karl Fogel e da poeta Yolanda Castaño
Epílogo á edición galega obra de Suso de Toro



A Asociación GHANDALF é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa na consecución do obxectivo xeral da construcción dunha sociedade do coñecemento baseada nos principios de libre acceso e uso do software e da información. GHANDALF loita na procura deste ambicioso obxectivo mediante a implementación de actividades concretas, correctamente artelladas nunha estratexia definida, tales como a divulgación da filosofía e as posibilidades do software libre, a promoción das vantaxes que fornece nos eidos de fomento da competitividade e a innovación, o impulso dos estándares abertos, etc.

Se quixeres colaborar na mellora da sociedade desde o punto de vista da tecnoloxía, os membros da Asociación GHANDALF estaremos encantados en prestarte toda a axuda que poidamos.

<http://www.ghandalf.org>

<http://producingoss.ghandalf.org>

